

<b>TÍTULO</b>	<b>Construcción dun vermicomposteiro</b>
<b>Centro Escolar</b>	EEI Vila Laura
<b>Destinatarios (nivel educativo)</b>	6º Educación Infantil
<b>Obxectivos</b>	Valorar a importancia e o traballo das miñocas na horta
<b>Duración</b>	2 sesións: 1ª sesión (60 minutos). 2ª sesión (10 minutos)
<b>Desenvolvemento da actividade</b>	<p><u>1ª sesión:</u></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1.Preparamos o material preciso (bote de cristal, area, terra, froita moi madura, auga, miñocas e papel de aluminio)</li> <li>2.Perforamos a tapa do bote cun punzón</li> <li>3.Troceamos a froita en anaquiños moi pequenos</li> <li>4.Metemos no tarro de cristal capas alternas de area, froita e terra ata encher o bote</li> <li>5.Mollamos con auga coa axuda dunha esponxa para humedecer e non encharcar</li> <li>6.Introducimos 5 ou 6 miñocas e pechamos coa tapa</li> <li>7.Cubrimos con papel escuro ou papel de aluminio para que non pase a luz...e non morran as miñocas</li> </ol> <p><u>2ª sesión:</u></p> <p>4 meses despois, abrimos os botes e observamos cal foi o traballo das miñocas. Se está ben feito aparecen todas as capas mesturadas e teremos ABONO, porque as miñocas o fabricaron cos seus excrementos e movementos. Levamos o contidos dos botes ao compostador da horta para que sigan traballando</p>
<b>Materiais, recursos e enlaces</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Bote de cristal con tapa con buratiños</li> <li>-Area, terra, froita madura en anaquiños pequeniños, auga e papel escuro</li> </ul>
<b>Materias/competencias traballadas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Competencia matemática: serie dos elementos, medidas, cantidades</li> <li>-Comunicación e representación: vocabulario</li> <li>-Coñecemento da contorna: partes dunha miñoca, o traballo das miñocas na horta...</li> </ul>
<b>Observacións e suxestións</b>	Anéxanse fotos dos materiais e do proceso

